

O Barco de Valdeorras

Anuncio

Bases e convocatoria do proceso de selección para a formación dunha bolsa de traballo para a categoría de axudante de cociña e limpeza para a Escola Infantil Municipal do Concello do Barco de Valdeorras para posibles coberturas temporais.

Por Resolución da Alcaldía con data 26 de abril de 2016, acordouse aprobar as bases e convocar o proceso de selección para a formación dunha bolsa de traballo para a categoría de axudante de cociña e limpeza para a Escola Infantil Municipal do Concello do Barco de Valdeorras, para cubrir eventuais necesidades de contratación, de carácter non permanente, que xurdan por razóns de servizo e que non poidan ser cubertas con persoal do propio concello, comezando o prazo de presentación de solicitudes de participación a contar a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e das bases no BOP de Ourense.

A continuación, transcríbese integramente o texto das citadas bases:

Bases de selección para a formación dunha bolsa de traballo para a categoría de axudante de cociña e limpeza para a Escola Infantil Municipal do Concello do Barco de Valdeorras.

1.- Obxecto

O obxecto das presentes bases é o establecemento dunha bolsa de traballo para a categoría de axudante de cociña e limpeza para a Escola Infantil Municipal do Concello do Barco de Valdeorras, para cubrir futuras contratacións laborais temporais que xurdan, que resulten necesarias e sempre que non se poida cubrir a necesidade que xurda con persoal do mesmo servizo.

As causas que xustificarán acudir á bolsa serán as seguintes:

- a- Incapacidade temporal.
- b- Baixa por maternidade máis o permiso por lactación cando se acumule en xornadas completas, baixa por risco durante o embarazo ou risco durante a lactación natural ou permiso (suspensión) por paternidade.
- c- Permisos ou descansos do/da titular.
- d- Substitución por situacións de excedencia/comisións ou situacións con dereito a reserva do posto de traballo.
- e- Acumulación de tarefas de carácter puntual.
- f- Creación de prazas temporais, necesarias por razóns de servizo.
- g- Substitución de persoal laboral que acceda á xubilación parcial.

h- Cobertura de vacantes (interinidade por vacante).

i- Cobertura de prazas temporais que queden vacantes por renuncia voluntaria o/a titular da praza.

A presente bolsa de traballo non será de aplicación cando se teñan que realizar contratacións ao abeiro nunha normativa ou orde de convocatoria que indique como se teña que levar a cabo o proceso de selección.

O chamamento, de ser necesario, das persoas integrantes desta bolsa de traballo realizarase por rigorosa orde de puntuación, procedéndose a contratalas mediante as distintas modalidades de contratación laboral temporal previstas no Real decreto lexislativo 2/2015, do 24 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores. Será o concello quen discrecionalmente decidirá se procede ou non realizar chamamento.

As funcións para desenvolver por este/a profesional son as seguintes:

Respecto das funcións de cociña:

- Realizar a compra diaria necesaria dos alimentos para a elaboración dos menús, subministracións de cociña, despensa, así

como dos produtos de limpeza do centro baixo a supervisión de dirección.

- Preparación e elaboración dos menús, variados e equilibrados, que serán supervisados pola dirección do centro e revisados e autorizados por un pediatra ou especialista en nutrición e dietética, debendo ter especial atención e coidado nos casos de alerxias ou intolerancias. Estes menús danse a coñecer ás familias polo que debe evitarse calquera tipo de modificación destes.

- Responsabilizarse do bo estado dos alimentos e da súa preparación da maneira máis natural posible, evitando o uso do proceso de conxelación.

- Manter actualizados os partes do APPC.

- Manter a cociña e os alimentos segundo as medidas sanitarias e preventivas obrigatorias e recomendadas nas inspeccións de sanidade.

- Cando se lle demande, axudar puntualmente na sala de bebés (preparación de biberóns e papas) e para dar comidas.

Respecto das funcións de limpeza:

- Ventilación e peche do centro polas tardes.

- Limpeza da cociña, do comedor, así como do resto das instalacións do centro:

- Recoller e gardar a roupa, sacar as toallas sucias, e pór a lavadora.

- Realizar o empratado da comida para os/as nenos/as, pór as mesas do comedor e servir as comidas.

- Recoller e limpar o comedor despois do servizo de comidas.

- Realizar a recollida selectiva de todas as papeleiras, colectores, e colocar as bolsas de lixo (aulas, despacho, cociña e baños).

- Limpar as mesas diariamente e unha vez a semana os estantes e obxectos.

- Manter limpo o chan de toda a escola, especialmente das aulas e do patio.

- Preparar os colchóns e os berces para durmir.

- Os venres, sacar as fundas e sabas sucias das hamacas, cadeiras de brazos, colchóns e demais mobiliario e pór a lavadora.

- Unha vez á semana, lavar os vasos das aulas no lavalouzas e manter limpos os xoguets.

Nos supostos de empregarse a modalidade contractual de interinidade, a xornada de traballo e horario será a que teña a persoa substituída. Para o resto das contratacións, establecerase en función das necesidades do servizo.

A retribución bruta será a que actualmente está a percibir a axudante de cociña e limpeza da Gardaría Municipal, que é de 968,04 €/mes de salario bruto para unha xornada de 30 h/semana. No suposto de tratarse dunha xornada diferente á indicada anteriormente, entón o salario calcularase en proporción ás horas traballadas.

A vixencia da bolsa será desde a súa aprobación ata o 31/12/2017.

2.- Lexislación aplicable

O proceso selectivo regularase polo previsto nas presentes bases e, no non previsto nelas, polo establecido no Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público; Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; no Real decreto lexislativo 2/2015, do 24 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores; na Lei 30/84, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública; na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; no Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real



decreto legislativo 781/1986, do 13 de xuño; na Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia; na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; no Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; con carácter supletorio, tamén se aplicará o Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da administración da Comunidade Autónoma de Galicia; no Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

3.- Requisitos dos/as aspirantes

Para participar na selección, os/as aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que finaliza o prazo de presentación de solicitudes e que estean debidamente xustificadas:

1. Ter nacionalidade española ou algunha outra que, consonte ao disposto no artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, permita o acceso ao emprego público como persoal laboral.

2. Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

3. Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias da praza obxecto desta convocatoria.

4. Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios da Comunidade Autónoma, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nado noutro Estado, non ser inhabilitado/a, ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente, que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

5. Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

6. Non ser condenado/a por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibición e provocación sexual, prostitución e explotación e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos.

7. Estar en posesión do título de graduado/a en Educación Secundaria Obrigatoria ou titulación equivalente, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias; para os efectos de equivalencia estarase ao disposto na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, modificada pola Orde EDU/520/2011, do 7 de marzo, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado/a en Educación Secundaria Obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. No suposto de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión do documento que acredite de maneira fidedigna a súa homologación.

8. Estar en posesión do certificado de formación en hixiene e manipulación de alimentos ou cartón ou carné de manipulador de alimentos. Este requisito é obrigatorio para acceder ao presente procedemento de selección e, polo tanto, non será puntable como mérito.

Todos os requisitos deberanse posuír como data límite o último día do prazo de presentación de instancias e manterse no momento da formalización do contrato laboral temporal.

No caso de que en calquera momento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún/a de os/as aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, despois da audiencia do/da interesado/a, deberá propoñerlle ao alcalde da Corporación a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

4.- Sistema de selección

A selección realizarase mediante o sistema concurso-oposición:

A) Fase concurso: no que se valorarán os méritos presentados polos/as aspirantes de conformidade co recollido no art. 6º das presentes bases. Será previa á fase de oposición, de carácter non eliminatoria e non poderá terse en conta para superar a fase de oposición. A cualificación da fase de concurso deberá publicarse no taboleiro de anuncios do Concello do Barco de Valdeorras antes do inicio do primeiro exercicio da oposición.

B) Fase oposición: consistente en dous exercicios, que se realizarán pola seguinte orde, e sempre que sexa posible e o estime o tribunal, no mesmo día, publicándose no taboleiro de anuncios do concello, cunha antelación como mínimo de cinco días, á data de realización dos exercicios (cando se realicen no mesmo día) ou do primeiro exercicio da fase oposición, que se publicará xunto coa relación definitiva de persoas admitidas e excluídas ao procedemento:

B.1.- Será obrigatoria e eliminatoria. Consistirá na realización dun exame tipo test que versará sobre o programa de materias que se contén no anexo incluído ao final das bases, composto por 20 preguntas, con catro respostas alternativas cada unha, nas que só unha será a correcta, nun tempo máximo de media hora, sendo precisos 6 puntos para superar o exame, e sendo a puntuación máxima que se pode alcanzar neste exame de 16 puntos. Cada unha das respostas correctas valorárase con 0,80 puntos, as non contestadas non penalizarán e cada unha das incorrectas penalizarase con 0,26 puntos.

B.2.-Obrigatoria, anónima e eliminatoria, consistente na realización dunha tradución por escrito dun texto en idioma castelán ao galego, nun tempo máximo de 30 minutos, valorándose como apta ou non apta, tendo que conseguirse a valoración de apto/a para non quedar eliminado/a de o proceso de selección.

Estarán exentos de realizar esta proba os/as aspirantes que acrediten posuír, no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, o certificado de lingua galega Celga 2 ou equivalente homologado de acordo co establecido na Orde do 16 de xullo de 2007, coas modificacións introducidas pola Orde do 10 de febreiro de 2014, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, reguladora dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.

Na fase de oposición deberase garantir, sempre que sexa posible, o anonimato dos/as aspirantes.

Os exames celebraranse a porta pechada sen outra asistencia que os membros do tribunal, os/as asesores/as ou colaboradores/as designados por este e os/as opositores/as.

As puntuacións dos exames publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello Vello (Praza do Concello, n.º 1) e se procede, na páxina web do concello (www.concellodobarco.org) no mesmo día ou no día seguinte ao da realización do exercicio.

Cando non sexa posible realizar as dúas probas no mesmo día, a data, lugar e hora de realización da segunda proba publicarase no taboleiro de anuncios do concello e, se procede, con



carácter non preceptivo e complementario, na páxina web do concello (as publicacións na web municipal non terán validez para os efectos do cómputo de prazos). A dita publicación realízase con 24 horas de antelación cando menos á devandita celebración.

Desde o remate dun exercicio ata o comezo do seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días naturais.

Os/as aspirantes serán convocados/as para cada exercicio nun único chamamento, sendo excluídos/as da oposición os que non comparecesen, salvo nos casos debidamente xustificadas e libremente apreciados polo tribunal. As razóns ou probas xustificativas formularanse dentro das 24 horas seguintes á celebración do exercicio ao que non comparecesen.

Nesta fase oposición, a orde de chamamento dos/as aspirantes para aqueles exames/probas que non se poidan realizar conxuntamente, iniciárase alfabeticamente por aqueles/as que teñan como inicial do primeiro apelido a letra O ou letra seguinte do abecedario no caso de que non se presente aspirante cun primeiro apelido que comece por esa ou seguintes letras de acordo coa Resolución do 3 de febreiro de 2016 pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

5.- Documentación e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes para participar no presente procedemento de selección formalizaranse no modelo de instancia que se acompañe a estas bases e dirixiranse ao alcalde, presentándose no Rexistro Xeral do Concello ou polas outras formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, durante o prazo de sete días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria e das bases no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, sendo o horario de presentación de documentación:

- De luns a venres: 9:00 a 14:00 h.
- Sábados: 10:00 a 13:00 h.

No entanto, de non presentarse no Rexistro Xeral, é aconsellable que os/as interesados/as, dentro do prazo, remitan por fax ao concello (n.º 988 325 978) avisando da presentación da solicitude por algún dos outros medios previstos no artigo 38 da Lei 30/1992.

O mesmo día no que saia publicada a convocatoria do procedemento e as súas bases no BOP de Ourense, as bases tamén se exporán na páxina web do concello (www.concellodobarco.org). Ese día tamén se exporá o anuncio da convocatoria e a forma de obter copia das bases no taboleiro de anuncios do Concello Vello (Praza do Concello, n.º 1), co obxecto de cumprir cos principios de máxima publicidade e difusión da convocatoria.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas antes de ser certificadas. No caso contrario, de chegar a documentación ao Rexistro Xeral do Concello fóra de prazo, entenderase presentada fóra de prazo, quedando excluído/a do procedemento.

Xunto coa instancia deberá achegarse a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade en vigor ou pasaporte en vigor. Os/as aspirantes estranxeiros/as deberán presentar documento que acredite ser nacional da Unión Europea ou dalgún estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as. Así mesmo, os familiares dos anteriores debe-

rán presentar ademais fotocopia compulsada dun documento que acredite esta condición. Os aspirantes estranxeiros distintos dos anteriores deberán presentar, ademais da fotocopia compulsada do pasaporte, o cartón de identidade de estranxeiro que habilita para residir en España e traballar nas prazas ofertadas.

- Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico que impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta e de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás comunidades autónomas ou ás entidades locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público (Anexo II-A).

- Declaración de non ser condenado/a por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibición e provocación sexual, prostitución e explotación e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos (Anexo II-B).

O/a aspirante que se seleccione para o posto de traballo ou que se lle chame a partir da bolsa de traballo deberá acreditar de novo esta circunstancia, nos prazos e termos establecidos no art. 9 das presentes bases.

- Acreditación de estar en posesión da titulación esixida ou, na súa falta, xustificante de efectuar o depósito para obtela. Non se admitirá como acreditación o presentar soamente a certificación académica se non consta nela ter pagadas as taxas para a expedición do título. No caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros, deberase acompañar certificación do ministerio correspondente na que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso.

- Acreditación de estar en posesión do certificado de formación en hixiene e manipulación de alimentos ou do cartón ou carné de manipulador de alimentos.

- Relación de méritos que alega e documentación xustificativa e compulsada de cada un deles.

As compulsas deberán estar realizadas por notario, secretario/a deste concello ou funcionario/a deste concello en quen delegue. Tamén se admitirán as compulsas realizadas nos rexistros das administracións públicas a través das cales se considera válido que se presente a documentación para o seu posterior envío (a condición de que se entreguen no dito rexistro para a remisión ao Rexistro Xeral deste concello), segundo o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, reguladora do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en todos os seus extremos no momento de presentación de instancias. Ao mesmo tempo, non se terán en conta aqueles méritos alegados e achegados con posterioridade ao remate do prazo de presentación de instancias.

6.- Baremo xeral de méritos

O baremo aplicado na valoración de méritos será o seguinte:

1. Experiencia profesional:

A puntuación máxima que se poderá optar por este apartado será de 4,75 puntos:

- Por servizos remunerados prestados na Administración pública (ben sexa mediante contrato laboral por conta allea ou ben

mediante contrato administrativo), realizando traballos conxuntamente de axudante de cociña ou cociñeiro/a e ademais de limpeza e que se prestaron en escolas infantís de 0 a 3 anos (1º ciclo): 0,15 puntos/mes.

- Por servizos remunerados prestados en gardarías privadas (ben sexa mediante contrato laboral por conta allea ou ben mediante calquera outro contrato coa empresa), realizando traballos conxuntamente de axudante de cociña ou cociñeiro/a e ademais de limpeza: 0,09 puntos/mes.

- Por servizos remunerados, prestados a través de contratos en prácticas, en escolas infantís públicas de 0 a 3 anos (1º ciclo) ou en gardarías privadas, realizando traballos conxuntamente de axudante de cociña ou cociñeiro/a e ademais de limpeza e prestados fóra do curso académico: 0,07 puntos/mes.

Cando en escolas infantís públicas, de 0 a 3 anos (1º ciclo) ou en gardarías privadas só se realizasen funcións de axudante de cociña ou cociñeiro/a, puntuarase con 0,02 puntos/mes a menores do estipulado anteriormente, co límite de 3,50 puntos de experiencia profesional.

- Por servizos remunerados prestados na Administración Pública (ben sexa mediante contrato laboral por conta allea ou ben mediante contrato administrativo) realizando traballos de axudante de cociña ou cociñeiro/a e sen que se prestaron en escolas infantís de 0 a 3 anos (1º ciclo): 0,06 puntos/mes.

- Por servizos remunerados prestados en empresas privadas (ben sexa mediante contrato laboral por conta allea ou ben mediante calquera outro contrato coa empresa) realizando traballos de axudante de cociña ou cociñeiro/a e sen que se prestaron en gardarías privadas: 0,04 puntos/mes.

- Por servizos remunerados, prestados a través de contratos en prácticas, en empresas públicas ou privadas, distintas de escolas infantís de 0-3 anos ou gardarías privadas, realizando traballos de axudante de cociña ou cociñeiro/a e prestados fóra do curso académico: 0,02 puntos/mes.

A puntuación máxima que se pode acadar de experiencia profesional por servizos prestados en empresas públicas ou privadas distintas de escolas infantís ou gardarías, realizando traballos de axudante de cociña ou cociñeiro/a é de 2,25 puntos.

Non se admiten servizos prestados unicamente como limpador/a.

No caso de que a xornada de traballo non sexa do 100%, a puntuación por este concepto reducirase en proporción ás horas traballadas. Non será obxecto de valoración o tempo de traballo alegado onde non se especifique a xornada prestada (diaria, semanal ou mensual).

Os períodos fraccionados valoraranse proporcionalmente á puntuación dada por mes traballado (meses de 30 días).

Para a xustificación deste apartado, os/as aspirantes deberán presentar documentación acreditativa dos servizos prestados, ben sexa a través de contrato de traballo, de certificado ou de calquera outro documento con forza probatoria e no que se perciba claramente a duración do traballo, labor desempeñado e xornada.

No suposto de xustificarse os servizos prestados mediante contrato de traballo laboral, deberase achegar informe de vida laboral emitido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou, na súa falta, un certificado de servizos prestados.

Cando se xustifiquen os servizos mediante contrato administrativo ou contrato celebrado con algunha entidade privada, será necesario presentar ademais do contrato formalizado, certificación conforme o servizo se deixou de prestar na data especificada no contrato ou, se fose o caso, que aínda se está prestando. A maiores, deberanse presentar as tres últimas fac-

turas emitidas por cada ano que se estivo/está a traballar e tamén documentación acreditativa da actividade empresarial ou profesional exercida ou que se estea exercendo.

No suposto de existir unha contradición entre a ocupación indicada no contrato e o especificado no certificado de empresa, teranse en conta as funcións especificadas no certificado de empresa para determinar, se procede, como puntuar os servizos prestados.

2. Formación especializada:

- Pola participación en cursos, xornadas, congresos, seminarios ou impartición destes, organizados por organismos públicos, colexios oficiais, cámaras de comercio, universidades ou por empresas privadas, tendo neste último caso que estar os cursos debidamente homologados ou avalados por un organismo público, sempre que teñan relación directa coas funcións propias da praza obxecto da bolsa de traballo, até un máximo de 3 puntos, baremados do seguinte modo:

- a- Cursos de ata 20 horas: 0,10 puntos/curso.

- b- Cursos de 21 a 40 horas: 0,15 puntos/curso.

- c- Cursos de 41 a 100 horas: 0,20 puntos/curso.

- d- Cursos de 101 a 250 horas: 0,25 puntos/curso.

- e- Cursos de 251 a 500 h: 0,35 puntos/curso.

- f- Cursos de máis de 500 h: 0,50 puntos/curso.

- g- Por xornadas, seminarios ou congresos: 0,05 puntos/xornada, seminario ou congreso.

Os cursos que sexan específicos de limpeza, puntuaranse con 0,03 puntos menos do indicado anteriormente, co límite de 1,50 de formación especializada.

As xornadas de duración superior a 10 horas, valoraranse coma se dun curso se tratase.

No caso de que non exista constancia da duración dos cursos ou xornadas en horas (non en días), estes valoraranse a razón de 0,05 puntos.

A maiores do sinalado anteriormente, admitiranse para a valoración de méritos os cursos onde apareza a referencia de Acordos Nacionais de Formación Continua, por estar financiados polo FSE, e os cursos organizados pola Cruz Vermella Española por tratarse dunha institución humanitaria de carácter voluntaria e de interese público que desenvolve a súa actividade baixo a protección do Estado.

Cando da propia denominación do curso, non se poida deducir se o curso pode ser ou non puntuable e se teña que acudir ao programa, para que sexa obxecto de puntuación será necesario que o seu programa estea maioritariamente relacionado cos labores da praza convocada.

Para a acreditación destes méritos terá que achegarse certificación ou copia compulsada do diploma expedido pola entidade organizadora de finalizar con aproveitamento o curso e onde se poida comprobar, cando cumpra, a homologación ou conforme está avalado por unha administración pública.

Para acreditar a impartición de cursos, ademais de presentar a certificación da entidade organizadora onde se indique a denominación do curso impartido e a súa duración, deberase achegar o seu correspondente programa oficial.

3. Outra formación:

- Titulación académica: por estar en posesión dalgunha titulación académica (universitaria ou título de formación profesional) relacionada coa área de coñecemento do posto de traballo obxecto da presente bolsa:

- Titulación universitaria: 1 punto.

- Titulación de FP II ou ciclo superior: 0,75 puntos.

- Titulación de FP I ou ciclo medio: 0,60 puntos.



No suposto de estar en posesión de máis dunha das titulacións referidas, só se valorará a de maior nivel; así mesmo, no suposto de estar en posesión de máis dunha titulación do mesmo nivel, entón soamente se puntuará unha delas.

4. Fase de oposición: valorarase cunha puntuación máxima de 16 puntos.

7.- Tribunal cualificador.

O tribunal, que terá como función a valoración dos méritos alegados polos/as aspirantes presentados/as e dos exames correspondentes á fase oposición, estará integrado polos seguintes membros, todos con voz e voto:

- Presidente: un/unha funcionario/a ou persoal laboral dunha administración pública e un/unha suplente designado/a polo alcalde deste concello.

- Secretario/a: un/unha funcionario/a deste concello, e un/unha suplente designado/a polo alcalde.

